

Metodoloxías activas e inclusivas

IDENTIFICACIÓN		
Título da tarefa: MI ESTRELLA BLANCA	Profesorado: CRISTINA GAMALLO	
Breve descripción da tarefa: Escoito a miúdo ós alumnos escoitar e cantar esta canción, así que decido propoñerllela para traballar con ela: métrica, rima, tradución ó galego, elaboración doutros escritos a partir desta, ...		
Curso: FP BÁSICA COCIÑA	Etapas: FP BÁSICA	Área(s) ou Materia(s): COMUNICACIÓN E SOCIEDADE I: LINGUA ESPAÑOLA E LINGUA GALEGA

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA	
ACTIVIDADES	
Actividades	Estándar(es)
Crear unha estrofa con rima e métrica semellantes á canción de partida.	
Poñer en común as estrofas de cada alumno e escoller a máis adianta segundo a estrutura do 1-2-4	
Dous alumnos propoñen unha masterclass sobre creación de cancións de rap, onde se dan diferentes actividades relacionadas coa métrica, a rima, a escoita e análise de cancións.	
En asamblea , decidir que gravación se vai levar a cabo e que se precisa: recursos técnicos, recursos humanos externos, voces participantes... Noméanse responsables e encargados para cada sección: gravación, edición, coordinación...	
Gravación da canción.	
Exercicios	
Medir as sílabas da primeira estrofa e do estribillo da canción (algúns alumnos miden toda a canción)	
Observar as rimas da primeira estrofa e do estribillo da canción (algúns alumnos analizan toda a canción)	
Traducir a canción ó galego, segundo a estrutura de lápices ó centro en equipos de 4 alumnos.	

PRODUTO FINAL

A idea é elaborar unha canción e gravala, a ser posible en vídeo. Segundo como se está a desenvolver o proxecto pode adoptar diversas formas: unha versión libre seguindo a melodía e a métrica da canción orixinal; unha versión en galego da canción de partida; unha canción totalmente distinta desenvolvida polos alumnos do grupo ós que lles gusta o rap.

RECURSOS DIDÁCTICOS**Persoais**

Os alumnos propuxeron a axuda externa de músicos para participar na gravación; a profesora responsable conta tamén coa colaboración dun estudio de gravación para a parte técnica.

Materials

Ferramentas TIC dispoñibles na aula: ordenador e altavoces, proxector para análise da métrica e da rima, así como das diferentes propostas; dicionarios tanto online como en papel; instrumentos musicais (guitarras, cajón flamenco); cámara de vídeo e micrófono...

Ambientais

Estudio de gravación externo